

BOS DÍAS COLE

COMEDOR

TARDES DIVERTIDAS

# MATRÍCULA 2024 - 2025

**Prazo do 26 de xuño ao 8 de xullo de 2024**

**PARA FACER A MATRÍCULA (solicitudes admitidas na listaxe de prescricións)**

**PASO 1. Xerar a solicitude a través de [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal).**

Tamén se poderá realizar este trámite de xeito presencial no Departamento de Educación situado no Pazo da Peregrina en Bertamiráns ou na Oficina Municipal de Milladoiro, para o que deberán solicitar cita previa no teléfono 981.891.476

**PASO 2. Liquidar as taxas de matrícula**

Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com), a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia a matricular (12,00 € por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a matrícula.

**PASO 3. Rexistrar a solicitude** debidamente cuberta e asinada a través de calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**¡¡IMPORTANTE!!**

**Para a súa validez e toma en consideración a solicitude debe rexistrarse.**

Para considerar firmadas as solicitudes presentadas mediante rexistro telemático, é preciso que os arquivos xerados coas solicitudes conteñan as firmas dixitais (as firmas manuscritas non son válidas se non veñen acompañadas da sinatura dixital)

**PASO 4. Comprobar as listaxes de admitidos e excluídos:**

**Provisionais:** Publicación prevista 12 ou 15 de xullo do 2024, con prazo de emenda de 10 días hábiles en [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal) e en [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

**Definitivas:** Publicación prevista para finais do mes de xullo do 2024 xunto coas renovacións en [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal) e en [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

**NOTA:** Por organización non se emitirán avisos de emenda por outro medio.

**PARA SOLICITAR A BONIFICACIÓN DE TAXAS**

Aquelas persoas que desexen solicitar a bonificación de taxas para o curso 2024-2025, terán que presentar a solicitude cando formalicen a matrícula e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria na paxina [www.conciliames.gal](http://www.conciliames.gal).

## **INFORMACIÓN:**

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf: 981.891.476 ou no correo electrónico [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal)

## **¡¡IMPORTANTE!!**

OS USUARIOS QUE NON APAREZAN COMO ADMITIDOS NA LISTAXE DEFINITIVA PERDERÁN A PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO E POR TANTO, NO CASO DE SEGUIR INTERESADOS, DEBERÁN SOLICITAR UNHA NOVA PRESENTANDO UNHA SOLICITUDE DE PRESCRICIÓN E O IMPRESO DE BAREMACIÓN (PARA O SERVIZO NO QUE SEXA OBRIGATORIO)

NON MATRICULAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO.